

Dúas encomendas templarias galegas descoñecidas: Lendo (A Laracha) e San Sadurniño

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Sumario

Neste artigo dase a coñecer a existencia de dúas novas encomendas templarias galegas: Lendo e San Sadurniño (A Coruña, Galicia, España)

Abstract

In this article we can know about two Galician templars commendations which were unknown: Lendo and San Sadurniño (A Coruña, Galicia, Spain)

INTRODUCCIÓN

Parece un lugar común na historiografía sobre as Ordes Militares na Península Ibérica que, no que se refire aos reinos de Galicia, León e Castela a implantación da Orde do Temple foi relativamente escasa. Ao noso xuízo, a razón na que se fundamenta esta opinión é a ausencia dun corpus documental propio da Orde referido a estes reinos. O feito de que as súas propiedades –e, por tanto, os documentos que delas nos falaban– non pasasen na súa totalidade, como estaba previsto, á Orde de San Xoán, senón que fosen repartidos, como desposos, fundamentalmente entre nobreza varia, enfronta ao investigador a un deserto no que hai poucas fontes documentais nas que saciar a sede de coñecemento.

Sen embargo, a paciencia sempre dá os seus froitos.

Hai xa anos que sabemos da existencia destas encomendas templarias galegas, Lendo e San Sadurniño. Nalgúns traballos anteriores da nosa autoría insinuamos a súa realidade. Agora, por primeira vez, dámoslas a coñecer.

Quizais alguén se sorprenda de que, estando os documentos xa publicados, ninguén reparase na súa importancia. Quizais foi debido a que, ao apareceren insertos en estudos referidos a outras ordes monásticas, os investigadores que as publicaron ou ben non localizaron o topónimo, ou, aínda que se fai referencia ao cargo, comendador, e ao lugar onde o exerce, descoñécese á Orde á que pertencía.

Creemos que non son as únicas encomendas templarias galegas que faltaban por saír á luz. Xa na aproximación que fixemos sobre a encomenda de Betanzos apuntamos a posibilidade de que en Codesoso, moi preto do mosteiro de Sobrado, puidesen os templarios ter organizado outra sede administrativa. Non podemos, neste momento, confirmar se foi encomenda propia, pero non o descartamos.




Fig. 1.- Selo templario.

***Carlos Pereira é funcionario do Concello de Culleredo, historiador e membro da Sociedade Española de Estudos Medievais.**



Fig. 2.- Cabaleiro templario.

1.- A ENCOMENDA DE LENDO

1.1. Localización da encomenda

A primeira encomenda da que falaremos, en terras de Bergantiños, é a de Lendo. San Xulián de Lendo é unha parroquia do concello de A Laracha (A Coruña). Está situada cabo dun monte, o de Lendo, e gobernando un amplo val agrícola. A poucos quilómetros está Caión, vila marítima vencellada á pesca dende a Idade Media. Por esta parroquia pasaba un importante camiño medieval, antiga vía romana: no *Catastro* do marqués de Ensenada figuran, entre os topónimos do lugar, **calzada de riba** e **calzada de abaixo**.¹ Pero aínda existen outros datos que indican a importancia estratéxica desta parroquia, hai poucos anos algo afastada da estrada Coruña-Carballo e hoxe outra volta próxima á autopista que une ambos os dous lugares: nunha das súas viaxes por Galicia, o 28 de xuño de 1228, o monarca Afonso IX fai parada **apud Leedo**, expedindo alí dous diplomas ao mosteiro de Melón.² Dado que Afonso IX se dirixía á Coruña, isto indica que Lendo, probablemente xa en mans dos templarios, era unha entidade de poboación importante neste camiño.³ Esta vía de comunicación, tanto na cartografía elaborada por Domingo Fontán, como noutro mapa referido a camiños militares, depósitos de víveres e pobos de etapa, do ano 1814, a única entidade de poboación que aparece no camiño da Coruña a Malpica é Lendo. Na súa orixe, probablemente, foi unha vía romana.



Fig. 3.- Igrexa de San Xulián de Lendo (Laracha, A Coruña). Porta Norte.

Pode semellar excesivo insistirmos tanto na localización xeográfica, pero no caso dos templarios a súa preferencia por emprazar as súas encomendas xunto ás vías de comunicación explicaría que a escolla de Lendo, e non outro lugar, debeuse, a parte das propiedades que alí puidesen posuír, que serían numerosas, á situación estratéxica.

¿Cando se instalaron aquí os templarios? Non é doado saber a data exacta, pero foi con anterioridade ao ano 1241, no cal se redacta unha concordia entre o mosteiro cisterciense de Oseira e a Orde do Temple, referida a certos bens

na Terra de Bergantiños e outros lugares.⁴ Neste documento aparece a encomenda constituída, co seu comendador, e fálase de bens templarios nestas paraxes sobre os que exercían a propiedade antes desta data. Hai que supoñer que houbo previamente un proceso de acumulación de propiedades na comarca, que nun principio dependerían directamente da bailía de Faro. Esta circunstancia obrigaría aos templarios a crear, nun lugar máis ou menos céntrico e ben comunicado, e a unha distancia de aproximadamente 30 quilómetros, tal como sinala Demurger ao estudar a estrutura territorial de algunhas encomendas templarias francesas⁵, unha nova sede administrativa para xestionar directamente estes bens. O feito de aparecer Lendo como encomenda en 1241 indica que xa levaría algúns anos funcionando, quizais dúas décadas.



Fig. 4.- Lendo. Arco da Porta Norte.

1.2. Posesións

No documento de 1241 o mosteiro de Oseira cede aos templarios unha serie de propiedades nesta comarca, que lles vendera Gómez Ares e a súa esposa María Fernández; localizábanse estes bens **in tota terra de Trastamar et de Duvria et in Bregantinos et in Canzes...**⁶ Como é lóxico, a dispersión destes bens, e o seu afastamento respecto do mosteiro, fixo que rapidamente os monxes de Oseira tentaran desfacérense deles dun xeito satisfactorio. E isto conseguírono coa concordia coa Orde do Temple. Para elo, Menendo, abade de Oseira, e Pedro Eanes de Faro, **commendator de Faro et de tota Gallecia**, no nome do Mestre do Temple, apelaron a uns **homes bós**, Fernando Gutiérrez e Suerio Sueriz, monxes de Oseira, e frei Xoán e frei García, comendadores de Lendo e Amoeiro, respectivamente, por parte dos templarios. O acordo alcanzado foi o seguinte: os templarios cedían a Oseira, na parroquia de Prado (Lalín) algúns casais, a cuarta parte da igrexa de San Martiño e tres cuartas partes dun muíño;⁷ engadían outros bens en terras de Ourense. Os templarios, pola súa banda, reciben as seguintes propiedades:

- Tres casais en San Martiño de Cances.⁸
- A oitava parte da igrexa de San Martiño de Cances.
- Un casal en **Baz**.⁹
- Un casal en **Vilar de Asalo**.¹⁰
- Un casal en **San Salvatore de [...]**.¹¹
- A cuarta parte do pazo de San Salvador.
- O quiñón que tiña o mosteiro na igrexa dese lugar.

A isto temos que engadirlle a cuarta parte do couto de San Martiño de Cances, que posuían os templarios (usurpando quizais o que alí tiña Oseira), a posesión do cal é precisamente o que motiva a concordia, xa que supoñemos que o mosteiro de Oseira, dado o afastamento destes bens, non tería moitos desexos de comezar preitos longos, preferindo a mellor solución, un acordo amigable.

Por tanto, temos que, a partir da concordia, a Orde do Temple posúe practicamente todo o couto de Cances.

É interesante destacar a presenza de Pedro Eanes, que nos amosa un pouco como funcionaba a xerarquía templaria. Neste caso, ademais de ser o superior xerárquico dos templarios galegos, a súa presenza é obrigatoria dada a proximidade de Lendo á bailía de Faro, que rexía. Era, en resumo, quen tiña que dar o visto bo á concordia; iso si, en representación do Mestre do Temple, algo que se repite constantemente na documentación templaria.

Non sería San Salvador de Bembibre a única parroquia do concello de Val de Dubra onde a Orde posuía bens. Xa o 30 de xullo de 1199 recibirían de Urraca Fernández, filla do conde Fernando Pérez de Traba, que facía o seu testamento, **XX mvr. et quantum habeo in Aravegio cum sua populatione**.¹² Este lugar é Santa María de Arabexo.

Entrando no terreo das suposicións, xa que non coñecemos ningún documento que o probe, puidese ter pertencido aos templarios o lugar de «Freiría», localizado en Centiña, parroquia de San Paio de Coristanco, aínda que igualmente podería ter sido posesión do mosteiro de Seavia, tamén en Coristanco, ou do de Mens (Malpica); por iso apuntámolo só a título de hipótese. Tamén en San Pedro de Barizo, próximo a Asalo, un documento da Colexiata da Coruña fala dun muíño que chamaban **da voz dos cabaleiros**, pero estes cabaleiros, témolo que recoñecer, non tiñan porque ser necesariamente templarios; o documento pode referirse, como vemos noutros moitos, a cabaleiros laicos, non monxes.



Figs. 5, 6, 7.- Lendo: motivos decorativos das xambas da Porta Norte.

É simplemente debido á proximidade a un lugar onde si tiveron posesións, e á data do documento, 1390, cando aínda o recordo dos templarios podía permanecer fresco na memoria da xente, ou que nos fai traer aquí esta suposición.

A todos estes bens hai que engadir, loxicamente, Lendo, coa súa igrexa, sede da encomenda.

Dependerían así mesmo da encomenda de Lendo as propiedades templarias, moi importantes ao parecer, en Serantes e Laxe, coas que se fixeron os Mariño e posteriormente os Moscoso.¹³

Por tanto, polo que coñecemos na actualidade, os bens templarios da encomenda de Lendo localizábanse nos concellos de Val do Dubra, Malpica, Carballo, Laxe e A Laracha, e quizais tamén en Coristanco, e eran, fundamentalmente, coutos, casais, pazos, vasalos, unha igrexa e parte de outras dúas. A orixe da encomenda debeu partir de bens cedidos á bailía de Faro, que, ao iren aumentando, obrigaron a fundar a de Lendo.

O que descoñecemos é o tempo que funcionou esta encomenda, xa que na citación que se lles fai aos templarios de Castela e León en 1310 non aparece Lendo. Quizais desapareceu con anterioridade, ou tamén cabe





Figs. 8, 9, 10.- Lendo: canzorros da igrexa. Repárese na cabeza de elefante.

a posibilidade de que, como acontecerá no caso de San Sadurniño, apareza, cos seus freires, englobada na bailía de Faro. Nos inclinámonos por esta última hipótese, xa que nos documentos posteriores, que logo veremos, nos cales podemos observar o destino dos bens templarios, sempre se menciona Lendo xunto a Faro, o cal indica, ao noso xuízo, que debía existir como encomenda, sometida a Faro, ou, cando menos, que tiña unha entidade o suficientemente importante para ser continuamente citada.

1.3. Comendadores e freires

Só coñecemos o nome dun comendador, o que asina a concordia de 1241, frei Xoán.

1.4. A igrexa de San Xulián de Lendo

Non nos imos deter en exceso neste epígrafe. Mencionaremos tan só que a igrexa de San Xulián de Lendo ten dúas partes diferenciadas: unha románica e outra barroca (a fachada). Aínda que non puidemos entrar nela, sabemos por informacións que posúe un arco triunfal de medio punto, que da paso a unha ábsida cuadrangular. Mais o que interesa sobremaneira é o muro norte, onde se encontra unha porta con arco de medio punto e diversa decoración (estrelas e rosetas nas xambas), e, sobre, todo, os canzorros. Un deles representa a cabeza dun elefante, elemento iconográfico rarísimo no románico galego.¹⁴

2. A BAILÍA DE SAN SADURNIÑO

2.1. Os templarios en San Sadurniño

A primeira noticia da existencia dunha encomenda templaria en San Sadurniño remóntanos ao ano de 1248. Nunha venda que Marina e Rodrigo Pérez, e os seus sobriños, fan ao mosteiro de Caaveiro, de cóngos regulares de Santo Agostiño, referida a bens en lugares como Recemel, Naraío ou Espiñaredo, localizados nos concellos coruñeses de As Pontes de García Rodríguez, As Somozas e San Sadurniño, aparece confirmando **frater Martinus, commendatori Sancti Saturnini**.¹⁵

A importancia deste documento é extraordinaria, porque confirma que, xa a mediados do século XIII, estaba constituída esta encomenda de Ferrolterra, e que probablemente dende xa facía algunhas décadas era constatable a presenza templaria nesta comarca.

A segunda referencia documental que encontramos que ten relación con este lugar vén na citación aos templarios de 1310, para seren interrogados en Medina del Campo sobre as acusacións das que eran obxecto: entre os convocados da bailía de Faro figura **fratri Didaco de Sancto Saturnino**.¹⁶

Este dato, por si só, non indica que aínda pervivise a encomenda de San Sandurniño, pero, como veremos, aínda que no documento non se cite si seguía funcionando.

Dous anos despois do documento anterior, temos a clave para a resolución deste enigma. Nunha carta do Meiriño Maior de Galicia, Afonso Gómez, ordenando unha información testemuñal sobre se o mosteiro de Pedroso estaba obrigado a dar xantar ao Adiantado de Galicia, declaran varias testemuñas, entre elas **Frey D[iego], comendador da Valiía de San Sadornino, diso pe llo iuramento que fez, diso que él acorda e sabe o moesteyro de Pedroso, des XL aut L. anos, et que vyo os Piores que ouve en este entanto e que os conosció et que vio os Endeantados que a esta terra chegaron por el Rey et que nunca a nen d-elles vio dar yantar ao Prior que en Pedroso ouvesse a Endeantado nen dineiro por él, salvo ende ao Infante don Fillipe, qando chegava, que le fazian commo a**

Senor, en lugar de donna Blanca, sua tya, que era ende herdeyra et Senor, po llos Condes. Et disso que non sabe ende mays.¹⁷

Como podemos comprobar, este comendador, Diego, é o mesmo que aparece na citación de 1310, e que podería levar na Orde do Temple, en San Sadurniño, entre 40 e 50 anos.¹⁸

A importancia deste documento, como a do de 1248, excede da brevidade da información, porque, a parte de confirmar que aínda existía unha bailía en San Sadurniño, indícanos que en 1312, moi pouco tempo antes de que se celebre o Concilio de Vienne, aínda seguían os templarios funcionando, como se despois do Concilio de Salamanca de 1310, no cal foran absoltos, nada malo lles fose pasar.

2.2. Posesións

¿Que posuían os templarios en San Sadurniño? Para sabelo teremos que agardar ao ano 1508, data na cal o pontífice Xulio II, por unha bula, aproba a erección dunha igrexa en dito lugar, denominada de Nosa Señora de San Sadurniño, con cinco capeláns; todo isto debido á iniciativa de Fernando de Andrade, que edificara dito templo sobre outro que existira con anterioridade e que estaba arruinado, a advocación do cal era Santa Olaia,¹⁹ e sobre un hospital, o de San Xoán de Xerusalén, que pertenceran aos templarios: **Ecclesia Sancti Eulalii templariorum, seu hospitalii Sancti Johani Jerosolimitani.**²⁰ Anos máis tarde, a igrexa de Nosa Señora de San Sadurniño, patrocinada por Xoán Freire de Andrade, serviría de base para a edificación dun convento dominico, o de San Domingos de San Sadurniño.²¹

Partimos, por tanto, da base de que a sede da bailía templaria eran unha igrexa e un hospital, é dicir, que a bailía cumpría especialmente unha función asistencial; non en van San Sadurniño está situado nun dos Camiños do Norte de peregrinación, dos que procedían de Asturias e do norte das provincias de Lugo e A Coruña. Vemos outra vez como os templarios buscan lugares estratéxicos para emprazar as súas encomendas: camiños transitados, ríos, etc.²²

Cunha máis feble base documental encontraríámonos con que no propio “Feroll” (Ferrol), “França” (Franza) e “Santeirum” (Chanteiro) terían tido establecementos os templarios. Un portolano veneciano de 1498, debuxado por un piloto chamado Andrea Corso, membro da “Capitana do Golfo” (unha especie de policía do mar veneciana), no que aparece detallada a ría de Ferrol, engade tres cruces templarias nestas localidades, aparecendo tamén no mapa lugares como Recemil, Xubia, Mugarados, Graña, Prior e Segañ. Os investigadores ferroláns que dan a coñecer este portolano mencionan que, nun denominado “Líber Templum”, conservado en Montpellier, referidos a Galicia (“Provincia de Gallaecia”) aparecen a igrexa de “Sainte Catherine de Chanteiro”, o hospital de “Sancti Spiriti de Franka” e o hospital do “Sancti Spiriti de Ferreol” como establecementos tutelados polos templarios.²³

Outro autor amplíanos esta información; así, os establecementos serían “Sainte Catherine de Chanteiro”, “Saint François de Ferrol” e o hospital de “Sancti Spiriti de Franka”.²⁴

Non podemos, polo de agora, confirmar estes datos contrastando a información. Parece que existiu unha orde hospitalaria denominada do “Sancti Spiritus”, aínda que hai unha certa confusión a cerca de cando se fundou. Non descartamos, sen embargo, a posibilidade de que, efectivamente, fosen propiedades da Orde do Temple.

As citadas son as únicas posesións templarias documentadas. Sen que poidamos facermos unha atribución precisa, hai tamén un documento, nun libro de documentos do mosteiro de Xubia, que fala dunha información sobre propiedades en Caranza, do 12 de setembro de 1375, citándose unha denominada “cortiña das Ordenes..”. Como as únicas ordes militares que teñen un número importante de bens nesta comarca son a do Temple e a do Hospital (esta cun “partido” en Régoa e Teixido), quizais estas cortiñas puidesen pertencer a ambas as dúas institucións, pero non temos a completa seguridade.²⁵ Pero a bibliografía, ou as tradicións, fan que a presenza templaria se estenda por un amplo territorio. Así, tamén hai quen pensa que en San Vicente da Illa, illa pertencente á parroquia de Santalla de Ladrado, concello de Ortigueira (A Coruña), existiu un



Fig. 11. Igrexa e convento de San Sadurniño, edificados sobre antigas construcións da Orde do Temple.

convento xa no século VI, que sería posteriormente ocupado polos templarios, e, ao abandonar estes o lugar, serían substituídos polos franciscanos.²⁶

Tamén no mesmo concello de Ortigueira, na parroquia de San Paulo dos Freires, por onde pasaba un «camino real»,²⁷ existe a crenza de que houbo un convento de templarios, que foi demolido polo bispo mindoniense Sarmiento, no século XVIII, erixindo a actual capela de Nosa Señora dos Freires.²⁸

Creemos que neste caso o propio topónimo Freires dálle bastante verosimilitude á filiación templaria.

Seguindo no norte de Galicia, no extremo noroccidental da provincia de Lugo, no concello de O Vicedo, existe outro lugar sobre o que teñen corrido ríos de tinta respecto á posesión polos templarios deste emprazamento; referímonos á illa de San Miguel da Coelleira, pertencente á parroquia de San Estevo de Vicedo.

Está probado que no século X existía, na illa, un mosteiro bieito, o cal, segundo un documento do ano 1095, estaba baixo a advocación de San Salvador, Santa María e San Miguel.²⁹ Séculos máis tarde, no XV, concretamente en 1420, xa estaban instalados cóngos regulares de Santo Agostiño na illa, como o indican algúns documentos do A.H.N. de Madrid,³⁰ ou do arquivo da Catedral de Mondoñedo.³¹

¿Que aconteceu entre os séculos XI e XV? Cal Pardo, baseándose en que entre 1155 e 1156 chegaron a posuír San Martiño de Mondoñedo, e xa estaban en Pedroso (aunque reconece que so é unha simple suposición, xa que non se conservan probas documentais) pensa que pasou a pertencer, no século XII, aos Cóngos Regulares.³²

Pero a tradición ponse do lado dos templarios. É ben sabido que coas tradicións hai que ter moitas precaucións, xa que ás veces non se fundamentan en datos obxectivos. Porén, noutros casos, o que nun principio formaba parte do imaxinario popular acaba por

reforzarse con probas documentais. Non queremos tomar partido nesta ocasión. Relataremos tan só todo o que a tradición di respecto da presenza dos templarios na Coelleira, que outros autores recolleron dende fai moito tempo.

O primeiro autor, que saibamos, que a recolle é don Justo Pico de Coaña, que conta que os templarios de Coelleira trasladábanse a Viveiro para diciren misa nunha capela que serviu despois de primeira igrexa a los franciscanos.³³ Estes templarios tamén levarían á igrexa de San Román do Val, no concello do Vicedo, un cadro coa imaxe de San Estevo, que foi obxecto de grande veneración.³⁴

Pero, tamén relacionada coa presenza templaria na illa, hai outra tradición máis fúnebre, que, seguindo a Cal Pardo e outros autores, imos relatar a continuación.³⁵

A lenda sitúanos no convento templario da illa Coelleira, na época na cal Felipe o Fermoso, rei de Francia, mandara moitos freires á fogueira. Unha noite, o señor de Viveiro desembarcou na illa e decapitou a 35 templarios, salvándose so un, que se presentou ante os verdugos dicíndolles: «Aquí me tedes. Son o derradeiro da Orde» [Laredo di que eran templarios fuxidos de Francia³⁶], sendo asasinado tamén.

Anos máis tarde morreu un nobre pertencente á familia asturiana dos Bernaldo de Quirós, que eran os que asasinaran aos templarios. Cheo de remordementos, deixou un testamento que establecía nunha das súas cláusulas: «E también mando que se digan unhas cuantas misas por la alma dos templarios que matei e fice matar por orden do noso Señor Rey en San Miguel da Colleira».³⁷

Outra tradición afirma que este derradeiro templario, chamado Guillelme de la Torre, estaba namorado dunha moza, Rosalía, á cal declarou o seu amor, pero dicíndolle que sería imposible, xa que debía ser templario. Ela respondeulle: «Ti templario ¡ai!, tal vez deixe fora do meu cadaleito a man de desposada; se é así, estréitaa; pero pronuncia tamén o meu nome antes de morrer». O mozo marchou a Palestina e cando regresou viu que na igrexa celebrábanse os funerais por unha muller, pendendo unha man do cadaleito. Estreitouna, chorou de dor e retirouse a un afastado lugar para meditar, o mosteiro da illa Coelleira, sendo alí asasinado cos outros 35 freires.³⁸

Pero aínda existe outra lenda máis, que nos fala dun sobrevivente, que se refuxiou, vestido de paisano, nunha casa de Vicedo, no barrio de Baltar, que conserva aínda hoxe o nome de «Casa do Paisano».³⁹

É curiosa a relación que poderíamos establecer entre esta lenda, na que se nos fala de 35-36 templarios, e os 33 que, pertencentes á bailía de Faro, son convocados a declarar en Medina del Campo, sobre todo cando outra lenda fala tamén dunha batalla entre os templarios e os Andrades; lenda que, non o esquezamos, data do século XV. Dado que non é probable que ningún autor dos que mencionan a lenda dos templarios da illa Coelleira tiveran lido a obra do Padre Fita, e anque hai evidentes erros (Viveiro non era de ningún señor laico, senón do bispo de Mondoñedo e do rei...) ¿cabería pensar en que, efectivamente, houbo algún tipo de episodio bélico debido quizais á renuencia dos templarios a abandonar as súas propiedades?

Sen mencionar as lendas, pensan así mesmo que os templarios estiveron na illa Coelleira outros autores.⁴⁰

Por último, na cidade episcopal, Mondoñedo, existiu unha rúa, das tradicionais, nas inmediacións da Catedral, denominada «dos Templarios».⁴¹



Fig. 12. Execución dos templarios na fogueira.

2.3. Comendadores e freires

So coñecemos o nome de dous: frei Martiño, comendador en 1248, e frei Diego, comendador en 1310-1312.

3. O DESTINO DOS BENS TEMPLARIOS

Non é momento agora de repetir o que xa temos dito noutro lugar sobre o proceso que levaría á disolución da Orde do Temple, aínda que nos reinos de Galicia, Castela e León, así como na maior parte dos Concilios convocados nos reinos europeos foron absoltos. A bailía de Faro, na que se encadraba Lendo, pasou ao reguengo. Pero en 1334 Afonso XI, decidido a captar para o seu bando a Pedro Fernández de Castro, concerta o matrimonio do seu fillo Henrique con Xoana, filla de Pedro, e dóalle o Burgo de Faro.⁴²

Anos máis tarde, o 16 de abril de 1367,⁴³ outro membro desta linaxe, Fernando de Castro, doa o Burgo de Faro a Pedro Ruíz Sarmiento. Hai un problema de datación no que se refire a 1367, porque, segundo a *Chronología*, o 22 de xullo de 1367 Pedro I doa a

Fernando de Castro a bailía e terra de Faro e Lendo.⁴⁴ Fernando de Castro, loxicamente con posterioridade a esta data, aínda que no documento non se mencione, manda aos seus vasallos da merindade do Burgo de Faro, da Mariña dos Freires, do couto de Cecebre, e da Terra de Lendo e a de Miño, que sexan vasallos obedientes da súa esposa, dona Leonor, comunicándolles que todos eses coutos e vasallos, co seu señorío e rendas, dállos á dita condesa, como llelos dera a el Pedro I polo seu privilexio de 22 de xullo de 1367.⁴⁵

É evidente que na cronoloxía destas doazóns hai problemas de coincidencia de datas. Parece claro que Fernando de Castro estivo asediado en Lugo, a finais de 1366, por Henrique II, abandonando o monarca Galicia en novembro.⁴⁶ E que Fernando de Castro acompaña a Pedro I logo de que este regrese a Castela, estando con el na batalla de Nájera (3 de abril de 1367), na que derrotan a Henrique II.⁴⁷ Non parece, pois, que tivese neste momento a necesidade de doar nada. Posto que logo segue acompañando ao rei en La Mancha e Sevilla (onde, efectivamente, se puido realizar a doazón do 22 de xullo, posto que estaban alí), a mencionada a Pedro Ruíz Sarmiento debeu facela no momento en que pacta con Henrique II en Lugo, ou un pouco despois.⁴⁸

Probablemente despois da derrota e morte de Pedro I, e sobretudo coa marcha de Galicia a Portugal de Fernando de Castro en 1371, será cando os Sarmiento recuperen, con toda seguridade por nova doazón -ou confirmación da de Fernando de Castro- por parte de Henrique II, o Burgo de Faro e a súa Terra. En mans da familia Sarmiento permanecía o



Fig. 13. Abaixo, á dereita, o estandarte templario, chamado «baussant».

Burgo de Faro a finais da década seguinte, xa que en 1388 é o seu señor o Adiantado Diego Pérez Sarmiento.⁴⁹

Será a finais do século XIV cando os Andrades obteñan o dominio do Burgo de Faro e da bailía. Descoñecemos como chegaron os bens ás súas mans (posiblemente lles foron vendidos ou cedidos por Diego Pérez); o certo é que Pedro Fernández de Andrade, II Señor de Pontedeume, logo de señorearlos un tempo, venderíaos á raíña dona Beatriz. Pouco tempo estiveron os bens de Faro en mans desta: a raíña, á súa vez, faría doazón deles a Pedro de Andrade, fillo do anterior e á súa nai Mencía de Meira, en 1403, en partes iguais, pasando todos os bens a Pedro á morte da súa nai.⁵⁰ Das mans de Pedro de Andrade pasarían ás do seu fillo Xoán Freire do Burgo.

Pero non permanecerá moito tempo a conflictiva herdanza en mans dos Andrades; a mediados do século XV serían os Mariñas, concretamente Gómez Pérez das Mariñas, os que lla arrebatarían a Xoán Freire do Burgo,⁵¹

seguramente antes de 1467, porque neste ano o rei Henrique IV concédelle 30.000 marabedís de xuro da renda das alcabalas de diversas parroquias e lugares do arcebispado de Santiago; un destes lugares é Santa María de Faro, no que asenta 200 marabedís.⁵² Máis tarde, Gómez Pérez cedería estas herdades á súa filla María das Mariñas.⁵³ María das Mariñas estaba casada con Diego de Andrade; de aí que indirectamente os bens volvesen a concentrárense nesta casa nobiliaria.

3.1. Lendo

O destino dos bens de Lendo irá ligado aos da bailía de Faro. Nun primeiro momento pasaron a mans de Fernando IV, permanecendo no reguengo ata que Afonso XI doa a Pedro Fernández de Castro o que tiñan os templarios nos reinos de Galicia e León, do que antes falamos.

O 27 de marzo de 1366, en Lugo, Fernando de Castro, conde de Tastámara, Lemos, etc. doa a Martín Sánchez das Mariñas, entre outros lugares, **a vos e ahos vosos herderos para sempre, ho meu juzgado de toda ha terra de leendo que vos de min teniades por en vosa vida. E mando ahos da dita Terra de Leendo, que vos aian, e teran, e conozcan, e deban conoscer, con vosas voces, para sempre, segun que usaron fasta aqui.**⁵⁴ É, como vemos, unha confirmación dunha doazón anterior, a data da cal descoñecemos.



Fig. 14. Frei Jaume d'Ollers, dignatario templario catalán.

Pero a partir de aquí xurden os problemas e as confusións, como vimos ao estudar o caso da bailía de Faro, polo que non volveremos insistir. O certo é que, nun primeiro momento, Fernando de Castro comunica aos seus vasallos, entre eles os de Lendo, que entrega o señorío á súa esposa dona Leonor, mandándolles que a obedezan. Máis tarde, en 1367, entrega boa parte das propiedades que foran do Temple (Faro, Lendo, Miño, etc.) a Pedro Ruiz Sarmiento: **... y valia de ffaro con leendo en el Reyno de Galicia cerca de Malpica, Coruña y Betanzos.**⁵⁵

O 25 de xaneiro de 1403 (xa o vimos no caso de Faro) a raíña dona Beatriz fai doazón a Pedro de Andrade e á súa nai, Mencía de Meira, curmá súa, da bailía de Faro e Lendo, que ella lle mercara ao pai de Pedro, Pedro Fernández de Andrade. En mans desta persoa seguía en 1424.⁵⁶ No século XVI segue en mans dos Andrades, concretamente do conde de Vilalba Fernando de Andrade.

Por tanto, os bens templarios da encomenda de Lendo seguen os mesmos pasos que os da bailía de Faro.

3.2. San Sadurniño

Os bens, polo menos os da sede da bailía, pasaron, no século XV, a mans dos Andrades; un deles edificaría alí o convento de San Sadurniño a principios do século XVI.

NOTAS

1 Arquivo do Reino de Galicia, Catastro do Marqués de Ensenada, atado 1547, Real de leigos da parroquia de Lendo.

2 Luis Sánchez Belda: *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*, Madrid, 1953, pág. 265.

3 Afonso IX, procedente de Santiago, realiza un periplo por terras de Bergantiños, expedíndose diversos privilexios datados en Treos, Ponteceso, Torres do Cereixo, Xaviña, Soesto, Serantes, Lendo e A Coruña. Vid. Salvador Parga Pondal: "Aportación para el estudio de la Historia de Galicia. Viaje de Alfonso IX por tierras de Bergantiños", *Boletín da Real Academia Galega*, vol. XXVII (1956), pp: 384-388; cit. AAVV: *Arteixo de onte a hoxe. Notas xeográficas, históricas, artísticas e industriais sobre o Concello de Arteixo*, A Coruña, 1999, páxs. 31, 32, 82.

4 Documento publicado por Miguel Romaní Martínez: *Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense) 1025-1310*, 2 vols., Santiago, 1990, vol. I, páxs. 449-451, que non identifica, no índice toponímico, o lugar. Extractado por Eladio Leirós: *Catálogo de los pergaminos monacales de la S.I. catedral de Orense*, Santiago, 1951, doc. 503; Extr.: María José Portela e outros (transcrición e ed.): *Repertorio para las Escrituras antigvas dl Archivo Bajo. Catálogo del Arquivo Monacal de Oseira en 1629*, Santiago, 1993, pág. 275-276 . Cit.: Miguel Romaní Martínez: *El monasterio de Santa María de Oseira (Ourense). Estudio histórico (1137-1310)*, Santiago, 1989, páxs. 179-180; Carlos Pereira Martínez: «O mosteiro cisterciense de Oseira e Bergantiños», *A Regueifa*, 8 (1992), pág. 35; Emilio Duro Peña: «El monasterio de San Salvador de Sobrado», *Archivos Leoneses*, 41 (1967), pág. 17.

5 Alain Demurger: *Auge y caída de los templarios*, Barcelona, 1986, pág. 92. No caso que nos ocupa, 30 quilómetros son os que hai, polos camiños antigos, entre Faro e Lendo.

6 Pub. Romaní, op. cit., I, doc. 425, páxs. 401-402.

7 Aquí equívocanse tanto Romaní, op. cit. (na localización do lugar no Índice toponímico), como o *Repertorio...*, pág. 275-276. O lugar de Prado que eles mencionan é Santa María de Prado, concello de Castrelo de Miño (Ourense), cando no documento fálase expresamente de *tria casalia cum omni voce*

sua et omni iure suo/ et pertineciis suis in loco qui dicitur Prato, et dederunt etiam quartam partem ecclesie sancti Martini eiusdem loci monasterio pretaxado, et tres quartas partes [molen]dini de Prato... Xa Leirós dicía na súa obra citada que, na marxe do documento, conservado en mal estado, poñía «Lalín».

8 San Martiño de Cances, concello de Carballo (A Coruña).

9 Bas, lugar da parroquia de Santiago de Sísamo (Carballo).

10 Asalo, lugar da freguesía de Santiago de Mens, concello de Malpica (A Coruña).

11 San Salvador de Bembibre, concello de Val de Dubra (A Coruña). Aínda que Romaní, op. cit. non lé o lugar, tanto o *Repertorio* como Duro Peña no artigo citado falan de Dubra. A única parroquia deste concello que ten a advocación de San Salvador é Bembibre. Tampouco podemos esquecer que na doazón feita a Oseira de varios lugares por don Gómez Ares e á súa dona, que vimos anteriormente, un dos sitios mencionados era Dubra.

12 Publicado en *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, vol. I, Santiago, 1901, páxs. 84-89. Citado, entre outros investigadores, por Ángel Rodríguez González: «Galicia y los Santos Lugares en el medioevo», *Compostellanum*, II-2 (1957), pág. 210; Margarida Vila da Vila: *La iglesia románica de Cambre*, Cambre, 1986, pág. 109; Gonzalo Martínez Díez: *Los Templarios en la Corona de Castilla*, Burgos, 1993, pág. 78 (pero levando erróneamente Arabexo ás pertenzas da bailía de Amoeiro); coidamos que interpreta **Aravegio** como un lugar próximo a Amoeiro, porque dí que ás outras Ordes Militares tamén se lles dan bens neste concello cando se pode comprobar que á Orde do Hospital, que sí recibe uns casais nesta parroquia, temén faise con bens en Dubra, como moitas outras institucións relixiosas.

13 Así o testemuñou o investigador Eduardo Pardo de Guevara y Valdés no relatorio que sobre a nobrexa da Terra de Soneira pronunciou na localidade de Baio, no *I Simposio de Historia da Costa da Morte*, organizado por “Neria”.

14 María José Domingo Pérez-Ugena: *Bestiario en la escultura de las iglesias románicas de la provincia de A Coruña. Simbología*, A Coruña, 1998, recolle a existencia deste canzorro, pero sucintamente.

15 Pub.: José Ignacio Fernández de Viana y Vieites e outros: «El Tumbo de Caaveiro. 2ª Parte», pp. 221-385, *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 4 (1996), doc. 249, páxs. 329-330; Carlos de Castro Álvarez, José Ignacio Fernández de Viana y Vieites e María Teresa González Balasch: *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, A Coruña, 1999, pág. 313, doc. 249.

16 Publicado por Áurea Javierre Mur: «Aportaciones al estudio del proceso contra el Temple de Castilla», *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, LXIX (1961), apéndice III, páxs. 75-76; Fidel Fita: *Actas inéditas de siete concilios españoles celebrados desde el año 1282 hasta el de 1314*, Madrid, 1882, pág. 80. Pub. parcialmente: Carlos Pereira Martínez: «A Orde do Temple e Cambre», *Esculca*, 3 (1994), pág. 41, e *Os Templarios. Artigos e ensaios*, Noia, 2000, pág. 26.



Fig. 15. *Lauda sepulcral do sacerdote templario Simone de Quincy.*

17 Publica: Enrique Cal Pardo: *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*, A Coruña, 1984, apéndice 18, páxs. 251-252. Andrés Pena Graña: *Navón. Un Concello con historia de seu, II: A Terra de Trasancos ollada dende os mosteiros de Xuvia e Pedroso na Idade Media*, A Coruña, 1993, páxs. 358-359, comenta este documento, pero supón, erroneamente, que era un comendador da Orde do Hospital.

18 Supoñemos que se se lembraba dos detalles que menciona, xa tería idade suficiente, mesmo para entrar na Orde.

19 Esta igrexa, **justa fluvium iubia**, xa existía no ano 830, no cal foi cedida por Afonso II de Asturias ao bispo de Iria, Albito. Vid.: Uxío Carré Aldao: *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de La Coruña*, Barcelona, s/a, vol. VI, páx. 342. En maio de 1112 foi doada pola raíña dona Urraca a don Pedro Froilaz: “E en Terra de Trasancos dóuvos S.Sadurniño que está na beira do Xuvia polos seus coutos con as súas herdades e seus homes e igrexas..”; 14 anos despois, Pedro Froilaz e a súa muller Maior Guntroda doarían esta propiedade ao Arcedián Gonzalo de Pedroso: “..a igrexa de San Sadurniño de Trasancos sita o pe do Monte Agudo, discorrente ó río Xuvia. E déunola a Raiña dona Orraca, con outra herdade, polos nosos servicios e máis fíxonos una carta firmísima..”. Tomamos as citas de Pena Graña, op. Cit., páx. 106.

20 Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Vaamonde Lores, 6(2) Documentos históricos, nº 21.

21 Para coñecer este convento pode verse: A.R.G. Libros de Mosteiros, C-259: *Libro de la fundacion deste convto de [...]del rosario de Sto domingo de S. Saturnino= echo por el padre fr. bartolome nuñez prior en dicho convto este año de 1690= donde tambien se da raçon de las rentas, y de otras cosas tocantes al gobierno suio y buena administracion*. Este frade faise eco tamén da presenza templaria anterior: «Muertos los templarios, y defecha una iglesia suia, y ospital, cuio titulo era de Sancta eulalia y S. juo jerofolimitano fundador y patron de dichos templariof= Al noble caballero fernando de andrade Señor de la cafa de S. Saturnino y sus tierras y cañado con la noble Señora doña inef de caftro, movido de la singular devocion y affecto que tenia A la virgen Sa nra, en el mifmo lugar edificio otra iglifa dandola por titulo, iglesia de nra a de S. Saturnino...»

Máis adiante continúa dicindo que se Fernando de Andrade pediu confirmación papal foi porque había «tradicion que depuef de muertos los templarios, el Summo pontifice defpacho defcomunion latae Santae contra todos aquellos que tubiefen acienda dela iglesia que ellos abian tenido, para que la refituiefen ala iga fpecialmente beneficios, preftamos y sincuras que tenian muchof lof templarios, y depuef nofe refituian..».

Dá noticias deste libro do convento César Vaamonde Lores: «El convento de San Saturnino (apéndice)», *Boletín da Academia Galega*, 33 (20-11-1910), pp: 193-216, refiríndose aos templarios nas páxs: 208-211, aínda que sen saber da existencia da bailía.

22 Fanse eco da presenza templaria en San Sadurniño, entre outros: Uxío Carré Aldao, op. cit., páx. 342; J.L.D.: voz «San Sadurniño», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, 1974, vol. 27, páx. 219 (documentándose nun traballo de Aureliano Pardo, publicado na revista *El Santísimo Rosario*, núm. 623-624; Berta Román Díaz: voz «San Sadurniño», pp: 1285-1288, en *Galicia pueblo a pueblo*, A Coruña, 1995, páx. 1286.

23 Juan L. Camacho, Ricardo J. Santé e Miguel A. Rodríguez: “Ferrol, en los antiguos portulanos”, *Ferrolanálisis*, 12 (1998), pp: 12-17, páx. 17.

24 A fonte documental sería a obra de Francisco Puig Vinater, *Les cases dels Templers*, publicada en Valencia en 1834, e que baseaba as súas fontes no arquivo dos condes de Montpellier. Vid. Juan Carneiro, Jorge Gómez, Miguel Rodríguez e Enrique Sanfiz: *O Seixo no pasado. Apuntes para a historia de Mugarodos*, Pontedeume, 1998, páxs. 33-34.

25 A.R.G., Libros de Mosteiros, Xuvia, L-255, fols. 82r-83v.

26 Carré Aldao: *Geografía..*, vol. VII, páx. 706; Julio Dávila Díaz: *Geografía Descriptiva de la Comarca de Ortigueira (Municipios de Ortigueira, Cedeira, Cerdido, Mañón y Puentes de García Rodríguez)*, A Coruña, 1931, páx. 105, nota 1; J. Trashorras Pacio: voz «Diócesis de Mondoñedo», en Quintín Aldea e outros: *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, 4 vols., Madrid, 1973, vol. III, páx. 1718 (tamén publicado en *Estudios Mindonienses*, 4 (1988), pp: 439-451; Francisco Maciñeira y Pardo: *Crónicas de Ortigueira*, A Coruña, 1892, páxs. 9-22.

27 Julio Dávila, op. cit., páx. 223.

28 Uxío Carré Aldao, op. cit., vol. VII, páx. 704. A esta ermida, segundo o *Diccionario Madoz*, ed. facsímile, Madrid, 1986, vol. II, páx. 587, (que non fai ningunha referencia aos templarios), «concurrían diferentes familias de la provincia y fuera de ella, atraídas por la devoción». J. Trashorras, art. cit. *ibidem.*, si recolle a tradición de pertencer San Paulo dos Freires á Orde do Temple. Enrique Cal Pardo:

- El monasterio de San Miguel de la Isla de La Colleira (Historia y Leyenda)*, Madrid, 1983, páx. 17, infórmanos de que Federico Maciñeira, na súa obra *Crónicas de Ortigueira*, páxs. 20-21, tamén se fai eco da filiación templaria de San Paulo dos Freires, igual que de San Vicenzo da Illa.
- 29 Enrique Cal Pardo: *El monasterio de.. Colleira...*, páx. 3. O documento é unha doazón, datada o 30 de xuño dese ano, que fixo Vimara Menéndez ao bispo de Mondoñedo don Gonzalo, da terceira parte da igrexa de San Xulián de Loiba e da quinta de outra terceira da mesma, con destino ao mosteiro de Coelleira, do que era abade Veremundo. Está catalogado por Enrique Cal Pardo: *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del archivo de la catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, 1990, páx. 16, e publicado polo mesmo autor en *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, León, 2000, doc. 8, páxs. 20-21. Cita este documento, e tamén a teoría da presenza templaria na illa, Xosé Luís Laredo Verdejo: *Galicia enteira*, Vigo, vol. 9, páx. 115; More Santiago: «Faros. Illa Coelleira», *El Correo Gallego*, 8 de agosto de 1992, páx. 2 do suplemento «Galicia Vacaciones».
- 30 Cal Pardo: *El monasterio...*, páx. 20.
- 31 Un documento de 29 de marzo de 1485, expedido en Mondoñedo, fala do título expedido polo bacharel García de Luarca, mestrescola e provisor, polo cal, facéndose relación de ter sido anexionado perpetuamente ao mosteiro de San Martiño de Mondoñedo o de San Miguel da Coelleira, etc., manda dar posesión deste último ao prior e cóengos de San Martiño de Mondoñedo, da Orde dos Cóengos Regulares de Santo Agostíño. Pub.: Cal Pardo: *El monasterio de.. Colleira*, páxs. 100-101, *Colección diplomática...Mondoñedo*, doc. 204, páxs. 420-421. Catalogado polo mesmo autor: *Catálogo...Mondoñedo*, doc. 204, páx. 85.
- 32 Cal Pardo: *El monasterio...*, páxs. 19-20.
- 33 Justo Pico de Coaña: «Carta a Bastián d'a Pallarega», *La Ilustración Gallega y Asturiana*, vol. III, nº 21. Collemos esta referencia bibliográfica de Juan Donapetry Iribarnegaray: *Historia de Vivero y su concejo*, ed. facsímile, Lugo, 1992, páx. 119. Jacobo de Castro: *Primera parte de el arbol chronológico de la Santa Provincia de Santiago*, Salamanca, 1722, vol. I, páx. 207, recolle así mesmo a tradición de que houbo anteriormente un convento de templarios.
- 34 Esta tradición é recollida por Cal Pardo: *El monasterio...*, páx. 88. Segundo este autor, foi Eduardo Lence-Santar e Guitián, no seu artigo «La Isla Colleira», publicado no *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, vol. I, nº 7, quen primeiro a deu á luz (Cal Pardo conta que o crégo de San Estevo do Val relatou a Lence-Santar outra tradición, segundo a cal o cadro aparecera na praia de Xillo, nun lugar chamado Altariño, sendo levado nun carro de bois ata un lugar no que se pararon. Tomado por milagroso este incidente, edificouse alí a igrexa de San Estevo). Hai máis autores que seguen a Lence-Santar: na *Gran Enciclopedia Gallega*, voz «Coelleira», vol. 6, páxs. 237-238; Donapetry, op. cit., páx. 42; More Santiago, art. cit.
- 35 Cal Pardo: *El monasterio...*, páxs. 86-87. Segundo este autor, o relato tomouno da obriña de Alfredo García Dóriga: «El último templario (tradición galaica)», publicado en *Galicia. Revista regional*, ano II (1888), núm. 10, páxs. 495-8, o mesmo que Donapetry: *Historia de Vivero...*, páxs. 80-81. Con maior ou menor extensión tamén citan esta lenda More Santiago, art. cit.; Leandro Carré: «Tradiciones. El último templario», *La Voz de Galicia*, 20 de febrero de 1993; Manuel Amor Meilán: *Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, Barcelona, s/a, vol. IX, páxs. 919-920 ; Carré Aldao: *Geografía.. Coruña*, vol. VII, páx. 674; *Gran Enciclopedia Gallega*, voz citada, vol. VI, páxs. 237-238; Laredo Verdejo, op. cit., o cal mestura a lenda do cadro coa da matanza.
- 36 Laredo Verdejo, op. cit., páx. 115.
- 37 Cal Pardo: *El monasterio...*, páx. 87. cita un artigo dun tal J. Araújo, que daba moita importancia a este testamento, datado no século XIV.
- 38 More Santiago, art. cit., íbidem; Leandro Carré, art. cit., íbidem.
- 39 Cal Pardo: *El monasterio...*, páx. 87. Xa a recollera Lence-Santar, art. cit., páx. 182. Citada tamén por Donapetry, op. cit., páx. 80.
- 40 Enrique Chao Espiña: *Libro de Santa Marta de Ortigueira*, ed. facsímile, Ortigueira, 1987, páx. 92, que sigue a Mançineira; e, do mesmo autor: *La Costa Lucense y Coruñesa en los Caminos de San Andrés de Teixido*, A Coruña, 1980, páx. 69; Álvaro Cunqueiro: *Lugo*, 7ª ed., León, 1986, páx. 7 do apéndice; J. Trashorras, art. cit. íbidem; Francisco Maciñeira, op. cit., páxs. 9-22; Juan Carlos Fernández Pulpeiro: *Lugo y su Provincia. Reseña general*, Lugo, 1993, páx. 105
- 41 Ramón Otero Pedrayo: *Guía de Galicia*, 5ª ed., Vigo, 1980, páx. 268. Aínda que non temos probas documentais no noso poder, uns arquitectos lugueses que traballaron nun estudio da rede viaria de Mondoñedo comentáronme que, en documentos dos séculos XVIII, XIX, etc. aparecía esta rúa. Tamén

amigos meus que estudiaron no Seminario mindoniense faláronme da existencia desta rúa. O certo é que o catálogo da documentación medieval da diocese, e o do século XVI, publicados por Enrique Cal Pardo, non ofrece ningún dato da presenza templaria na cidade.

